

CIRCULAR 32-2017

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE TRAIL E DAS CATEGORÍAS JUNIOR, PROMESA E VETERÁN

Concello da Pobra do Caramiñal, A Curota, domingo 7 de Maio do 2017

Art.1) O Concello da Pobra do Caramiñal e a Delegación en Santiago da F.G.A en Santiago e organizará o **Campionato de Galicia de Trail 2017** que terá lugar o vindeiro domingo **día 7 de Maio** en A Pobra (A Curota).

Esta proba forma parte do II Circuito de Carreiras de Montaña Trail Galaica (información en www.trailgalaica.com).

Art.2) Poderán participar todos atletas nados no ano 1999 e anteriores que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2016/17) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.
 - Segundo acordo de Asamblea os atletas extranxeiros maiores de 18 anos que estén nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galegos.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 2 de maio do 2017.**

RECOMENDASE REALIZAR A INSCRIPCIÓN TAMÉN NA WEB http://www.trailgalaica.com/index.php?option=com_k2&view=item&layout=item&id=54&Itemid=164 para poder obter os agasallos de organización, obter aos premios do trail popular de montaña, e entrar nas clasificacións do circuito se están participando nel.

Art.4) Os corredores deberán recoller os seus dorsal ata 45 minutos antes do inicio da proba no lugar de Saída (mirador da Curotiña, a carón do mirador da Curota).

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible na parte anterior do corpo, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.7). A saída está prevista para as 10:30 horas desde o **mirador da Curotiña** (monte da Curota. Link ubicación da saída:

<https://www.google.es/maps/place/Mirador+Curota/@42.6262701,-8.9619793,532m/data=!3m1!1e3!4m8!1m2!2m1!1smirador+da+Curota!3m4!1s0x0:0x73f4ee3504d5c3f9!8m2!3d42.6258889!4d-8.959934>).

DISTANCIAS DOS CAMPIONATOS:

- 10:30 h: Trail Curto - Campionato de Galicia Junior (masculino e feminino) con un percorrido de 13.3 km aprox. a partir do Monte da Curota.
- 10:30 h: Trail - Campionato de Galicia de Trail con un percorrido de 23.7 km aprox. a partir do Monte da Curota.

Art.8). Haberá avituallamentos nos kilómetros 7 (común), 14 e meta (común) aproximadamente para os participantes. Recoméndase levar mochila de hidratación na proba.

Art.9) Os atletas participantes no **Campionato de Galicia de Trail**, deberán pasar por cámara de chamadas que estará aberta ata 15 minutos antes da saída. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarásese as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (**6 euros** por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar **3 euros**. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.11). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A. (ver normas técnicas 2016-2017), da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por esta orde.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)
A Coruña, a 04 Abril de 2017